

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión ordinaria do 28 de decembro de 2012

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Raquel Díaz Vázquez
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego

Invitado:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día vinte e oito de decembro de dous mil doce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, acctal. Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. García Álvarez, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1784).- DAR CONTA DAS SEGUINTE SENTENZAS E AUTOS:

Dáse conta das seguintes sentenzas remitidas por Asesoría Xurídica

A) SENTENZA DO X. DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO RC-A Nº 296/12 P.A. DEMANDANTE: MIGUEL A. GOMEZ SOTO. OBXECTO: CAIDA EN VÍA PÚBLICA. SENTENZA FIRME QUE DESESTIMA O RECURSO EXPTE. 7602/111.

B) SENTENZA DO X. DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE OURENSE NO RC-A Nº 109/12 P.A. DEMANDANTE: D^a LUISA VÁZQUEZ VILLANUEVA. OBXECTO: SANCIÓN TRÁFICO, EXCESO DE VELOCIDADE. SENTENZA FIRME QUE DESESTIMA O RECURSO EXPTE. 7328/111.

C) SENTENZA DO X. DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO RC-A Nº 253/12 P.A. DEMANDANTE: SECUNDINO FERNANDEZ GUISANDE. OBXECTO: PAGAMENTO VOLUNTARIO BONIFICADO. SENTENZA FIRME QUE DESESTIMA O RECURSO EXPTE. 7554/111.

D) SENTENZA DO X. DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº1 DE VIGO NO RC-A Nº 295/12 P.A. DEMANDANTE: D^a DOLORES GUISANDE GONZALEZ. OBXECTO: INACTIVIDADE. SENTENZA FIRME QUE ESTIMA O RECURSO EXPTE. 7033/111.

E) SENTENZA DO X. DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO RC-A Nº 230/12 P.A. DEMANDANTE: C.P. ROSALIA DE CASTRO Nº 25. OBXECTO: FILTRACIÓNS DE AUGA. AUTO Nº 140, DO 7.11.2012, DECLARA REMATADO O PROCEDEMENTO POR DESESTIMENTO. EXPTE. 7556/111.

F) SENTENZA DO X. DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO RC-A Nº 262/12 P.A. DEMANDANTE: D^a CAMILA A. PEREIRAS CASAL. OBXECTO: ACCIDENTE. SENTENZA FIRME QUE DESESTIMA O RECURSO EXPTE. 7563/111.

G) SENTENZA DO X. DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO RC-A Nº 315/12 P.A. DEMANDANTE: MAPFRE FAMILIAR DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A. OBXECTO: CAÍDA ÁRBORE SOBRE VEHÍCULO. AUTO 146. DECLARA REMATADO O PROCEDEMENTO. EXPTE. 7641/111.

H) SENTENZA DO X. DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO RC-A Nº 316/12 P.A. DEMANDANTE: MAPFRE FAMILIAR DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A. OBXECTO: ACCIDENTE DE MOTO. AUTO 147. DECLARA REMATADO O PROCEDEMENTO. EXPTE. 7658/111.

I) SENTENZA DO X. DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO RC-A Nº 252/12 P.A. DEMANDANTE: D^a ISABEL VILAR CARNEIRO. OBXECTO: SANCIÓN DE TRÁFICO. SENTENZA FIRME QUE ESTIMA O RECURSO. EXPTE. 7524/111.

L) SENTENZA DO X. DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO RC-A Nº 321/12 P.A. DEMANDANTE: MAPFRE FAMILIAR DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A. OBXECTO: RESOLUCIÓN DO 10.02.12, AUTO Nº 85. INADMITE O RECURSO POR EXTEMPORANEIDADE. EXPTE. 7654/111.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

2(1785).- APROBACIÓN DE GASTO A FAVOR DA MISIÓN DO SILENCIO. EXPTE. 79932/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta de data 18-12-12, do xefe de área, conformado pola concelleira-delegada de Política de Benestar e pola concelleira-delegada de Facenda, vista a fiscalización da Intervención Xeral Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar o gasto de 3.692,03 euros a favor da Misión do Silencio NIF: R3600388G para compensar os gastos asumidos durante este período de xestión municipal pagados por conta do Concello con cargo á partida 23102279913 -Prestación servizos centro de servizos sociais- ou a súa bolsa de vinculación.

3(1786).- APROBACIÓN DO PROXECTO DEFINITIVO DO ESTADO DE MEDICIÓN E CARACTERÍSTICAS DA OBRA EXECUTADA EN CONCESIÓN DA RÚA AREAL. EXPTE. 131/403.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do director dos servizos técnicos da Xerencia Municipal de Urbanismo, conformado polo concelleiro-delegado, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar o Proxecto Definitivo “Estado de Medición e Características da Obra Executada” e Anexos do aparcamento en concesión da rúa Areal, redactado en outubro de 2011 polos arquitectos Salvador Fraga Rivas, Javier García-Quijada Romero e Manuel Portolés Sanjuán, e visado polo COAG ó 7/10/2011.

Segundo.- Dar traslado dos planos de instalacións urbanas os Servizos Municipais, ás empresas de servizo correspondentes e ó interesado.

4(1787).- APROBACIÓN DO PROXECTO DEFINITIVO DO ESTADO DE MEDICIÓN E CARACTERÍSTICAS DA OBRA EXECUTADA EN CONCESIÓN DA RÚA POLICARPO SANZ. EXPTE. 132/403.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do director dos servizos técnicos da Xerencia Municipal de Urbanismo, conformado polo concelleiro-delegado, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar o **Proxecto Definitivo “Estado de Medición e Características da Obra Executada” e Anexos** do aparcamento en concesión da rúa Policarpo Sanz, redactado en decembro de 2010 polos arquitectos Salvador Fraga Rivas, Javier García-Quijada Romero e Manuel Portolés Sanjuán, e visado polo COAG ó 12/01/2011.

Segundo.- Dar traslado dos planos de instalacións urbanas os Servizos Municipais, ás empresas de servizo correspondentes e ó interesado.

5(1788).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA A LINORSA. EXPTE. 4302/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do xefe da oficina administrativa de Contratación, vistos así mesmo os informes da oficina técnica e da Intervención Xeral Municipal de datas 7 e 10 de decembro de 2012, respectivamente, a Xunta de Goberno Local acorda:

Devolver a fianza de 38.295,03 euros constituída para responder do “Servizo de Limpeza nas dependencias municipais pertencentes ao Concello de Vigo” xa que o servizos foron recibidos mediante acta de 31 de decembro de 2006 e por se executaren conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer-lo prazo de garantía.

6(1789).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA A SCI (SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL). EXPTE. 12619/541.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do xefe da oficina administrativa de Contratación, visto así mesmo o informe da Intervención Xeral Municipal de data 13 de decembro de 2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

Devolver a fianza de 100.000,00 euros constituída para responder do “Servizos de Asistencia Técnica e colaboración nos precedementos de recadación na vía de constrinximento de ingresos municipais de dereito público e Asistencia Técnica nos procedementos de xestión e recadación de expedientes sancionadores por infracción en materia de tráfico e seguridade vial”, por se executaren conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer-lo prazo de garantía.

7(1790).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A FAVOR DE FABIÁN ABREU RODRÍGUEZ, POLA REALIZACIÓN DUNHA CANALIZACIÓN PARA CAMBIO TUBERÍA DE AUGA NO CAMIÑO BUDIÑO, 10. EXPTE. 67953/250.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o seguinte informe proposta do 21-12-12, do enxeñeiro xefe de Vías e Oras, conformado polo concelleiro-delegado de Fomento:

“Con data 11/09/2012 autorizouse a, Fabián Abreu Rodríguez, á realización dunha canalización para cambio tubaría de auga no Camiño Budiño, 10.

A mentada autorización incluía o depósito dunha fianza por importe de 199,65 € para responder dos posibles danos que se puideran ocasionar na vía pública por mor das obras.

Con data 04/12/2012, Fabián Abreu Rodríguez, solicita a devolución da fianza solicitada.

Con data, 20/12/2012, o inspector de Vías e Obras emite informe no que fai constar que a obra de canalización na vía pública xa está rematada e o pavimento quedou en perfectas condicións.

Por todo o anteriormente exposto proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Proceder á devolución da fianza de 199,65 € (cento noventa e nove con sesenta e cinco euros) a favor de Fabián Abreu Rodríguez”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a anterior proposta.

8(1791).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A FAVOR DE ALBERTO LAGO ARAUJO, CANALIZACIÓN NA RÚA PARAGUAY, 19. EXPTE. 67978/250.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o seguinte informe proposta do 21-12-12, do enxeñeiro xefe de Vías e Oras, conformado polo concelleiro-delegado de Fomento:

“Con data 30/11/2012 autorizouse a, Alberto Lago Araújo, a realización dunha canalización na rúa Paraguay, 19 para cambio da tubaría de auga.

A mentada autorización incluía o depósito dunha fianza por importe de 15,00 € para responder dos posibles danos que se puideran ocasionar na vía pública por mor das obras.

Con data 13/12/2012, Alberto Lago Araújo, solicita a devolución da fianza solicitada.

Con data 20/12/2012 o inspector de Vías e Obras emite informe no que fai constar que a obra de canalización na vía pública xa está rematada e o pavimento quedou en perfectas condicións.

Por todo o anteriormente exposto *proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

Proceder á devolución da fianza de 19,00 € (dezanove euros) a favor de Alberto Lago Araújo.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a anterior proposta.

9(1792).- RENUNCIA Á SUBVENCIÓN DO PROXECTO “REPARACIÓNS DOMÉSTICAS BÁSICAS”. EXPTE. 5734/224.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta de data 19-12-12, da xefa do servizo de Igualdade, conformado pola concelleira-delegada de área, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aceptar a renuncia da subvención concedida ao abeiro da convocatoria de subvencións da Concellería de Igualdade para a realización de programas e/ou actividades de promoción da muller do ano 2012 para o proxecto “*Reparacións domésticas básicas*” presentada pola A VV Emilio Crespo de Navia.

10(1793).- APROBACIÓN DA AUTOLIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO CANON, PRESENTADA POR AQUALIA, CORRESPONDENTE O PERÍODO XULLO-AGOSTO, SETEMBRO-OUTUBRO. EXPTE. 46/141.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta de data 08-11-12, do xefe da área de Investimentos, conformado pola Intervención Xeral Municipal e pola concelleira-delegada de Economía e Facenda con data 12-12-12, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar a autoliquidación provisional do canon, presentada pola entidade AQUALIA, correspondente o período XULLO – AGOSTO, SETEMBRO – OUTUBRO 2011 por un importe de 366.406,41€ que corresponde a un volume de facturación 12.213.547m3.

Segundo.- Aprobar provisionalmente a liquidación de atrasos ou diferencias dende o inicio da concesión (xaneiro 1991) ata Xuño 2011 por un importe de 4.058,58€.

Terceiro.- Do presente acordo deberase dar conta á oficina xestora de ingresos, á Recadación e a Intervención Xeral para os efectos oportunos.

11(1794).- APROBACIÓN DA AUTOLIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO CANON, PRESENTADA POR AQUALIA, CORRESPONDENTE O PERÍODO MARZO-ABRIL, MAIO-XUÑO 2011. EXPTE. 45/141

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta de data 08-11-12, do xefe da área de Investimentos, conformado pola Intervención Xeral Municipal e pola concelleira-delegada de Economía e Facenda con data 12-12-12, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar a autoliquidación provisional do canon, presentada pola entidade AQUALIA, correspondente o período MARZO – ABRIL, MAIO – XUÑO 2011 por un importe de 370.547,25€ que corresponde a un volume de facturación 12.351.575m3.

Segundo.- Aprobar provisionalmente a liquidación de atrasos ou diferencias dende o inicio da concesión (xaneiro 1991) ata Febreiro 2011 por un importe de 26.383,80€

Terceiro.- Do presente acordo deberase dar conta á oficina xestora de ingresos, á Recadación e a Intervención Xeral para os efectos oportunos.

12(1795).- APROBACIÓN DA AUTOLIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO CANON, PRESENTADA POR AQUALIA, CORRESPONDENTE O PERÍODO MARZO-ABRIL, MAIO-XUÑO 2012. EXPTE. 51/141

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta de data 08-11-12, do xefe da área de Investimentos, conformado pola Intervención Xeral Municipal e pola concelleira-delegada de Economía e Facenda con data 12-12-12, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar a autoliquidación provisional do canon, presentada pola entidade AQUALIA, correspondente o período MARZO – ABRIL, MAIO – XUÑO 2012, por un importe de 360.261,18€ que corresponde a un volume de facturación de 12.008.706m3.

Segundo.- Aprobar provisionalmente a liquidación de atrasos ou diferencias dende o inicio da concesión (xaneiro 1991) ata Febreiro 2012 por un importe de 82.122,72€.

Terceiro.- Do presente acordo deberase dar conta á oficina xestora de ingresos, á Recadación e a Intervención Xeral para os efectos oportunos.

13(1796).- APROBACIÓN DA AUTOLIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO CANON, PRESENTADA POR AQUALIA, CORRESPONDENTE O PERÍODO NOVEMBRO-DECEMBRO 2011, XANEIRO-FEBREIRO 2012. EXPTE. 47/141

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta de data 09-11-12, do xefe da área de Investimentos, conformado pola Intervención Xeral Municipal e pola concelleira-delegada de Economía e Facenda con data 12-12-12, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar a autoliquidación provisional do canon, presentada pola entidade AQUALIA, correspondente o período MARZO – ABRIL, MAIO – XUÑO 2011 por un importe de 370.547,25€ que corresponde a un volume de facturación 12.351.575m3.

Segundo.- Aprobar provisionalmente a liquidación de atrasos ou diferencias dende o inicio da concesión (xaneiro 1991) ata Febreiro 2011 por un importe de 26.383,80€

Terceiro.- Do presente acordo deberase dar conta á oficina xestora de ingresos, á Recadación e a Intervención Xeral para os efectos oportunos.

14(1797).- DEVOLUCIÓN DE AVAL A CONSTRUCCIONES CONDE, S.A., Ó NON CAUSAR DANOS CON MOTIVO DO APROVEITAMENTO DA VÍA PÚBLICA PARA COLOCACIÓN DE VALADO NA RÚA URZAIZ, 28. EXPTE. 84289/210.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 18-12-12, da xefa do Servizo de Transportes, conformado polo concelleiro-delegado de área, a Xunta de Goberno Local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 19 de outubro de 2012 por CONSTRUCCIONES CONDE, S.A, con CIF A36620524, por un importe de 3.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo do aproveitamento da vía pública coa colocación de valado na rúa URZAIZ, Nº 28, por non producirse danos.

15(1798).- DESESTIMACIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR D. JUSTO LUIS PÉREZ CASTRO, CONTRA ACORDO DA XGL 15.12.2008, QUIOSCO PARQUE INFANTIL NO CASTRO. EXPTE. 17960/240.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta de data 07-12-12, do xefe do servizo de Patrimonio, conformado pola xefa de área de Réxime Interior e pola concelleira-delegada de área, que di o seguinte:

“NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local (LBRL).
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. (LRXAP e PAC).
- L 33/2003 de 3 de novembro de Patrimonio das Administracións Públicas (LPAAPP).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).

- RD-Lei 781/1986, de 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións legais vixentes na materia de Réxime Local (TRRL).
- Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro.
- RD 1372/1986, de 13 de xuño, Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL).

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, mediante acordo de data 15 de decembro do 2008 acordou: (...) Terceiro.- Desestimar as seguintes solicitudes de regularización, polos motivos que en cada caso se sinala: ...Da. Palmira da Costa Crespo e Justo Luís Pérez Castro (Quiosco no Parque infantil do Castro): Carece de título de ocupación. Non é de aplicación o réxime da DT2ª da OM. (...) Sexto- Requirit a: ... Da. Palmira da Costa Crespo e Justo Luís Pérez Castro (Quiosco no Parque infantil do Castro), para que no prazo dun mes dende a notificación do presente acordo, procedan a retirada do quiosco da vía pública, repoñendo esta o seu estado orixinal, con apercibimento, noutro caso, do exercicio das accións e facultades que o ordenamento xurídico outorga as administracións públicas na protección e defensa do seu patrimonio.

Acordo notificado ós interesados na data 27/01/2009.

SEGUNDO.- Con data de entrada no rexistro xeral deste Concello do 30/01/2009 recórrese por D. Justo Luis Perez Castro o acordo adoptado pola Xunta de Goberno, solicitando a reconsideración do acordado tendo en conta que foi autorizado no seu día pola Concellería de Parques e Xardíns para a instalación do quiosco no parque do Castro.

TERCEIRO.- Dado traslado das alegacións presentadas polo recorrente, ó servizo de Parques e Xardíns, emitíuse informe por este na data 23 de novembro do 2012.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

PRIMEIRO.- Procede admitir a trámite o recurso de reposición interposto por canto se fai en tempo e forma establecidos nos arts. 116 e 117 LRXAP e PAC.

SEGUNDO.- O recurso de reposición é un medio de impugnación de determinados actos de trámite e resolucións administrativas a disposición dos administrados. Dada a natureza revisora dos recursos administrativos, é requisito imprescindible para poder interpoñer este recurso que estes actos ou resolucións incorran en determinadas irregularidades. En concreto, a lei esixe que se dé algún dos motivos de nulidade ou anulabilidade regulamentados nos artigos 62 e 63 LRJAP (artigo 107 LRJAP). No caso que estamos examinando ningunha destas alegacións ten virtualidade suficiente para desvirtuar o acordo que se recorre, por canto ademais de non fundamentarse en ningunha das causas de nulidade ou anulabilidade da

LRXAP e PAC, como así se esixe no art. 107 do citado texto legal, non se observa tampouco dita concorrencia.

No presente caso, o interesado límitase a plantexar unha hipotética autorización outorgada no ano 1986 polo concelleiro de Parques e Xardíns para instalar o quiosco obxecto do acordo, pero en modo algún acredita o outorgamento de dita autorización nin constan datos que a poida corroborar, atopándonos ante unha situación de precario coa ocupación privativa do dominio público mediante a instalación dun quiosco, sendo regra xeral no noso dereito a necesidade de título habilitante, outorgado pola autoridade competente, para a ocupación de bens de dominio público ou para a súa utilización na forma que exceda o dereito de uso que corresponde a todos (artigo 84 LPAP). Dita situación motivou a denegación da solicitude de regularización interesada polo recorrente e, conseguintemente o requerimento de retirada do quiosco da vía pública ordeado pola xunta de goberno local no acordo adoptado, que se estima, a teor do exposto, axustado a dereito

TERCEIRO.- Resulta competente para a resolución do recurso potestativo de reposición interposto, a Xunta de Goberno Local de conformidade co disposto no art. 116 da LRXAP e PAC.

Por todo o que antecede propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Desestimar o recurso de reposición interposto por D. Justo Luís Pérez Castro contra o acordo da Xunta de Goberno Local de 15 de decembro do 2008 ao non resultar desvirtuados, polos razoamentos expostos nos antecedentes do presente, os fundamentos xurídicos que motivaron a súa adopción.

SEGUNDO.- Delegar no Concelleiro Delegado da Área de Distritos, Parques, Xardíns e Limpeza, a execución forzosa do acordado, debendo adoptar as resolucións necesarias para seu debido cumprimento.”

ACORDO:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a anterior proposta de data 07-12-12, do xefe do servizo de Patrimonio.

16(1799).- ABOAR A COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DA RÚA EUGENIO KRAFF Nº 28 AS CUOTAS DE COMUNIDADE CORRESPONDENTES Ó SEGURO DO INMOBLE DOS ANOS 2010 E 2011. EXPTE. 19425/240.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 07-12-12, da técnico de Admon. Especial, conformado pola concelleira de Patrimonio, visto o

informe da Intervención Xeral Municipal de data 18-12-12, a Xunta de Goberno Local acorda:

Abonar á Comunidade de propietarios da rua Eugenio Kraff nº 28 o importe de 163,94 euros polas cuotas de comunidade correspondentes o seguro do inmovible dos anos 2010 e 2011 que como propietario do baixo dereita lle corresponde satisfacer.

Dito gasto poderase imputar a partida 92202120005 do vixente presuposto.

17(1800).- ABOAR A COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DA RÚA DOCTOR CORBAL 21-23 AS CUOTAS DE COMUNIDADE DENDE O ANO 2004 ATA NOVEMBRO 2012. EXPTE. 108/242.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 07-12-12, da técnico de Admon. Especial, conformado pola concelleira de Patrimonio, visto o informe da Intervención Xeral Municipal de data 18-12-12, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aboar a Comunidade de propietarios da rua Doctor Corbal 21-23, o importe de 2.979,32 euros, polas cuotas de Comunidade dende o ano 2004 ata novembro de 2012 euros as que o Concello ten que facer fronte como propietario dun baixo no mesmo.

Dito gasto poderase imputar a partida 92202120005 do vixente presuposto.

18(1801).- ABOAR A COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DA RÚA ANDURIÑA Nº 5, POR DÉBEDA PENDENTE DENDE AGOSTO 2010 ATA DECEMBRO 2012. EXPTE. 102/242.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 22-11-12, da técnico de Admon. Especial, conformado pola concelleira de Patrimonio, visto o informe da Intervención Xeral Municipal de data 18-12-12, a Xunta de Goberno Local acorda:

Abonar a Comunidade de Propietarios de Anduriña nº 5, a cantidade de 2.131,63 euros, correspondente a debeda pendiente por parte do Concello, dende agosto de 2010 ata decembro (incluído) de 2012, da vivenda cedida polo IGVS na rúa anduriña nº 5, destinado a aloxamento alternativo de persoas en situación de emerxencia social.

19(1802).- ABOAR A COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DA RÚA TORRECEDEIRA Nº 73, POR GASTOS DA COMUNIDADE NA VIVENDA 1º A. EXPTE. 106/242.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 03-12-12, da técnico de Admon. Especial, conformado pola concelleira de Patrimonio, visto o informe da Intervención Xeral Municipal de data 19-12-12, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aboar a Comunidade de veciños da rúa Torrecedeira 73, en concepto de gastos de comunidade pola propiedade por parte do Concello da vivenda 1º A, cedida polo Instituto Galego da Vivenda e Solo, a cantidade de 1.915 euros, polo periodo de xaneiro de 2009 ata decembro de 2011 ambos incluídos, e derrama 2008.

O gasto poderase imputar a partida 92202120005 do vixente presuposto.

20(1803).- ABOAR A COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DA RÚA MARTÍNEZ GARRIDO Nº 71 POR GASTOS DA COMUNIDADE NA VIVENDA 2º A. EXPTE. 135/242.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 07-12-12, da técnico de Admon. Especial, conformado pola concelleira de Patrimonio, visto o informe da Intervención Xeral Municipal de data 18-12-12, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aboar a Comunidade de veciños da rúa Martinez garrido nº 71, en concepto de gastos de comunidade pola propiedade por parte do Concello da vivenda 2º A, cedida polo Instituto Galego da Vivenda e Solo, a cantidade de 670,72 euros, polo periodo de xaneiro de 2012 ata decembro de 2012, ambos incluídos.

21(1804).- ABOAR A COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DA RÚA NOGAL Nº 8 POR OBRAS DE REPARACIÓN DO TELLADO EN DITO INMOBLE. EXPTE. 105/242.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 03-12-12, da técnico de Admon. Especial, conformado pola concelleira de Patrimonio, visto o informe da Intervención Xeral Municipal de data 18-12-12, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aboar a Comunidade de propietarios da rua Nogal nº 8 o importe de 3.383,30 euros polas obras do arreglo do tellado en dito inmovible e que o Concello ten que facer fronte como propietario dun baixo no mesmo.

Dito gasto poderase imputar a partida 92202120005 do vixente presuposto.

22(1805).- COMPLEMENTO PRODUTIVIDADE POR TOXICIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DE DESINFECCIÓN CORRESPONDENTE AO MES DE NOVEMBRO 2012. EXPTE.23741/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta da técnica de Formación e Avaliación de RR HH de data 11-12-12, conformado pola xefa do servizo e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, visto así mesmo o informe da Intervención Xeral Municipal de data 21-12-12, a Xunta de Goberno Local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de Complemento de produtividade aboarase o persoal adscrito o Servizo de Desinfección que figura na relación que se achega e que comezan por Don José Ramón Seijas Alvarez e rematan por Don Alberto Seijas Fernández, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ao mes de Novembro-2012 e que ascenden a un total 378,23 € (trescentos setenta e oito euros con vinte e tres céntimos), con cargo a partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.

23(1806).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE POR TOXICIDADE DO PERSOAL DO PARQUE MÓBIL CORRESPONDENTE AO MES DE NOVEMBRO 2012. EXPTE. 23740/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta da técnica de Formación e Avaliación de RR HH de data 11-12-12, conformado pola xefa do servizo e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, visto así mesmo o informe da Intervención Xeral Municipal de data 21-12-12, a Xunta de Goberno Local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade por toxicidade polos servizos prestados nos vertedeiros incontrolados da Cidade, corresponde aboar a don Florentino Prieto Domínguez, a cantidade que figura na relación que se achega e que ascende a un total de 90'80 euros (noventa euros con oitenta céntimos), correspondente ao mes de Novembro de 2012 con cargo á partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE”

24(1807).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE POR XORNADA PARTIDA DO SERVIZO DE CEMITERIOS CORRESPONDENTE AO MES DE NOVEMBRO 2012. EXPTE. 23739/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta da técnica de Formación e Avaliación de RR HH de data 11-12-12, conformado pola xefa do servizo e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, visto así mesmo o informe da Intervención Xeral Municipal de data 21-12-12, a Xunta de Goberno Local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade de servizos prestados polo persoal do servizo Cemiterios, aboarase os traballadores que figuran na relación que se achega e que comeza por don Jesús Alfonso Paz e remata por don Delmiro Vilanova Acuña, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondente ao mes de Novembro de 2012, e que ascenden a un total de 1.252'16 € (mil douscentos cincuenta e dous euros con dezaseis céntimos), con cargo á partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE”.

25(1808).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS POR EXCESO DE XORNADA ANUAL CORRESPONDENTE AO MES DE NOVEMBRO 2012. EXPTE. 23738/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta da técnica de Formación e Avaliación de RR HH de data 11-12-12, conformado pola xefa do servizo e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, visto así mesmo o informe da Intervención Xeral Municipal de data 21-12-12, a Xunta de Goberno Local acorda:

Recoñece-las obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais e extraordinarios en compensación ás horas en exceso realizadas durante o presente ano do persoal administrativo do servizo de Cemiterios, aboaranse ós traballadores que figuran na relación que se achega e que comezan por don José Luis Hermida Rodríguez e remata por don G. Manuel Rosende Rios, as cantidades que figuran para cada un deles correspondente ao mes de Novembro-2012, e que ascenden a un total de 649'46 € (seiscentos corenta e nove euros con corenta e seis céntimos), con cargo á partida presupostaria 922.0.151.00.00-Gratificacións”.

26(1809).- GASTOS DE LOCOMOCIÓN PERSOAL DOS SERVIZOS DE INSPECCIÓN DE TRIBUTOS E DESENVOLVEMENTO LOCAL E EMPREGO, CORRESPONDENTE AO MES DE NOVEMBRO 2012. EXPTE. 23729/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta de data 05-12-12, da xefa do servizo de Recursos Humanos, conformado polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, visto así mesmo o informe da Intervención Xeral Municipal de data 21-12-12, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar o gasto por un importe de 1.348,02 €, correspondente aos desprazamentos efectuados por persoal municipal no termo municipal de Vigo en concepto de indemnizacións por razón do servizo, acreditada a súa efectiva realización nos expedientes e informes recibidos no Servizo de Recursos Humanos, asinados polos correspondentes xefes/as dos servizos ou Áreas e contan coa conformidade dos Concelleiros/as-delegados/as das Áreas de goberno, segundo a relación contida no cadro subseguinte -que comeza por D. J. Francisco Gutiérrez Orúe e que remata en D. Juan Carlos Román Casas-, imputándose o gasto con cargo á clasificación

económica dos vixentes Orzamentos municipais 2312000 -Gastos de Locomoción, correspondente aos períodos que se indica:

Nº Expte.	Servicio	Traballador	DNI	Nº Persoal	Mes	Importe
9248/77	D.Local e Emprego	Gutiérrez Orúe, J.Francisco	13.894.232-R	13920	Novembro 2012	40,63 €
26380-26386-502	Inspección Tributos	Fragua Jamardo, Vicente	36.036.018-D	15510	Novembro 2012	205,20 €
		Fernández Pedreira, Enrique	36.042.726-R	11529	Novembro 2012	191,71 €
		Comesaña Rial, Manuel	36.033.647-F	9550	Novembro 2012	231,04 €
		Domínguez Vázquez, José M.	36.006.131-E	8361	Novembro 2012	269,04 €
		González Campelos, Manuel	35.997.315-S	23656	Novembro 2012	232,18 €
		Román Casas, Juan Carlos	36.011.347-V	8349	Novembro 2012	178,22 €
TOTAL						1.348,02 €

	SERVIZO	TOTAL
2410	Emprego Desenvolvemento Local-Participación Cidadá	40,63 €
9310	Inspección Tributos	1.307,39 €
	TOTAL	1.348,02 €

27(1810).- RECTIFICACIÓN ERRO ACORDO XUNTA DE GOBERNO LOCAL 16/11/2012 (EXPTE. 23632/220). EXPTE. 23730/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta da técnica de Formación e Avaliación de RR HH de data 04-12-12, conformado pola xefa do servizo, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Rectificar de oficio o erro detectado no acordo da Xunta de Goberno Local de data 16/11/2012, dispoñendo o necesario reintegro do importe das cantidades de 417.24 € aboadas ao funcionario D Francisco J Castanedo Exposito (NP 77035), 208.06 € aboadas ao funcionario D Camilo Fontan Balbuena (N.P: 22326), e 208.06€ a D Manuel Reboredo Iglesias (NP 77024).

Segundo.- Dispoñer que deberá procederse pola Tesourería Municipal ao reintegro das cantidades aboada indebidamente na nómina do mes de novembro de 2012, de conformidade co previsto na Base 22 das de Execución do vixente orzamento presupostario.

Terceiro.- Dispoñer que, a Intervención Xeral deberá reintegrarse a contía de 834,48 euros á partida presupostaria 922.0.150.00.00-Produtividade.

28(1811).- DOMINGOS, FESTIVOS E NOCTURNIDADE DO PERSOAL DOS DISTINTOS SERVIZOS CORRESPONDENTE AO MES DE NOVEMBRO 2012. EXPTE. 23742/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta da técnica de Formación e Planificación de RR HH de data 10-12-12, conformado pola xefa do servizo e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, visto así mesmo o informe da Intervención Xeral Municipal de data 21-12-12, a Xunta de Goberno Local acorda:

Abonar en concepto de gratificación por servizos extraordinarios de domingos, festivos e a xornada nocturna ó persoal que figura nas relacións achegadas segundo a seguinte distribución:

SERVIZO	MES	APELIDOS E NOME	FESTIVAS	NOCTURNAS	TOTAIS
Alcaldía	Novembro	De Costas Fernández, Basilio a Fontán Balbuena, Camilo	506,52	103,36	609,88
Policía Local	Novembro	De Abalde Casanova, Jesús I. a Vivero Mijares, Juan Guillermo	37.706,64	24.348,76	62.055,40
Parque Móbil	Novembro	De Amoedo Moreira, José L. A Troncoso Martínez, Avelino	558,78	557,60	1.116,38
Extinción Incendios	Novembro	De Alonso Abalde, Manuel a Villar Domínguez, Manuel	3.802,92	826,88	4.629,80
Cemiterios	Novembro	De Alfonso Paz, Jesús a Vilanova Acuña, Delmiro	2.681,34	0,00	2.681,34
Montes, Parques e Xard	Novembro	De Casas Iglesias, Alfonso a Pérez Da Silva, Eduardo A.	361,80	0,00	361,80
Limpeza	Novembro	De Hermida Sanmartín, Juan J.	233,16	353,60	586,76
Desinfección	Novembro	De Pardellas Avión, A. Avelino a Seijas Álvarez, José Ramón	144,72	130,56	275,28
Parque Central	Novembro	De Aira Pereiro, Emilio a Rodríguez Leiros, Alfonso	932,64	709,92	1.642,56
Museo	Outu/Nov	De Ogando López, José M. A González Bello, Andrés	724,61	0,00	724,61
Conserxería	Xuño/Outu	De Vázquez Álvarez, Rosa T.	85,02	0,00	85,02
Estadística	Outubro	De Bayer Francisco, José a Solla Vaqueiro, Alfonso	5.857,14	174,08	6.031,22
TOTAIS.....			53.595,25	27.204,76	80.800,05

Os importes que en cada caso se indican e que ascenden a un total de 80.800,05 €, con cargo a partida presupostaria 922.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS.

29(1812).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN PERMISO RETRIBUÍDO AO FUNCIONARIO D. GERMÁN PARDO LÁZARA. EXPTE. 23748/220.

Con data 05-12-12, o concelleiro-delegado de Xestión Municipal emitiu a seguinte Resolución:

“Con data 05 de decembro do 2012, (doc. 120143887), D. Germán Pardo Lázara, con DNI 36.117.935-T e núm. persoal 78128, Oficial Policía Local, solicita se lle conceda un permiso retribuído para atender o coidado do seu fillo, de conformidade co previsto no art. 76.1.k), do

decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, de 30 días naturais.

O art. 76.1.k), do Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, establece que nos supostos de accidente ou enfermidade moi grave da ou do cónxuxe, parella en análoga relación de afectividade, familiares en primeiro grao, persoas acollidas ou familiares que convivan na mesma casa, e para atender ao seu coidado, o persoal ao servizo das administracións públicas terá dereito a un permiso retribuído cunha duración máxima de trinta días naturais. Cada accidente ou enfermidade xerará un único permiso, que, dentro da duración máxima de trinta días, poderase utilizar de maneira separada ou acumulada.

O interesado aporta xustificante do ingreso hospitalario do seu fillo.

Á vista das circunstancias anteriormente mencionadas e vistas as competencias recollidas no artigo 127.1 h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, segundo redacción dada pola Lei 57/2003 de 16 de decembro, de Medidas para Modernización do Goberno Local, e de conformidade co acordo da Xunta de Goberno Local de 17 de xuño de 2011, sobre a delegación de competencias en materia de persoal, sométese a consideración do Concelleiro-Delegado de Xestión Municipal a seguinte RESOLUCIÓN:

“Primeiro.- Autorizar a D. Germán Pardo Lázara, con DNI 36.117.935-T e núm. persoal 78128, Oficial Policía Local, un permiso retribuído de trinta días naturais, con efectos a partir do día 07 de decembro actual para o coidado do seu fillo, de conformidade co previsto no art. 76.1.k, do decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia.

Segundo.- Acordar que se comunique ao Intendente da Policía Local, que o outorgamento da presente medida excepcional en ningún suposto implicará o incremento da dotación de efectivos asignados ás unidades ou servizos concretos, nin o incremento a priori da autorización da realización de horas extraordinarias, debendo comunicar calquera incidencia a esta concellería-delegada de Xestión municipal e ao Servizo de Recursos Humanos (Inspector Auxiliar de Persoal) aos efectos procedentes.

Terceiro.- Notifíquese presente resolución ao solicitante, ao Intendente da Policía Local, Servizo de Recursos Humanos (Inspector Auxiliar de Persoal) e Comité de Persoal para coñecemento e demais efectos.”

A Xunta de Goberno Local queda informada da anterior resolución.

30(1813).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE XUBILACIÓN OBRIGATORIA DO FUNCIONARIO D. AGAPITO MÉNDEZ OITAVÉN. EXPTE. 23723/220.

Con data 10-12-12, o concelleiro-delegado de Xestión Municipal emitiu a seguinte Resolución:

“ANTECEDENTES

1.- Consultados os datos obrantes no Servizo de Recursos Humanos, D. AGAPITO MÉNDEZ OITAVÉN (nº de persoal 12233), DNI 35240258-A e data de nacemento 20/12/1947, ten a condición de funcionario de carreira, con praza e posto de Policía Local (pto. 134), adscrito ao Servizo da Policía Local (212), con grupo C1 de titulación e grupo de tarifa 05.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- A Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) establece no seu artigo 67, apartado 1, letra b) que a xubilación dos funcionarios públicos poderá ser "Forzosa, ao cumprir a idade legalmente establecida", así coma o Real Decreto Lexislativo 1/1995, de 24 de marzo, do Estatuto dos Traballadores.

II.- O Real Decreto Lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade presupuestaria e de fomento da competitividade, establece no seu art. 11 respecto da xubilación dos funcionarios públicos que con independencia á idade legal de xubilación forzosa establecida na Lei 7/2007, de 13 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público, será en todo caso a que prevean as normas reguladoras de réxime xeral da seguridade social, non obstante o artigo 67,3 da norma establece que "a xubilación forzosa declararase de oficio ao cumprir o funcionario os sesenta e cinco (65) anos de idade"; asímesmo, a Lei 4/2008, de 20 de abril, de Coordinación de Policía Local de Galicia, establece no seu art. 61, que a xubilación forzosa dos membros dos corpos da Policía Local de Galicia declararase de oficio o cumprir o funcionario os 65 anos de idade.

III.- En consecuencia, procederá que polo órgano competente para a declaración das situacións administrativas se declare a xubilación de D. AGAPITO MÉNDEZ OITAVÉN con data de efectos 20/12/2012 e cuxa proposta se debe elevar ao Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal nos termos do establecido no Acordo da Xunta de Goberno Local de 17 de xuño do 2011, de delegación de competencias e estrutura das áreas e servizos (apartado Segundo, b), 4).

IV.- Vistos os fundamentos xurídicos que anteceden, motivación e réxime competencial exposto, propónse ao Sr. Concelleiro-Delegado a adopción da seguinte RESOLUCIÓN:

"Primeiro.- Declarar a xubilación obrigatoria do funcionario municipal D. AGAPITO MÉNDEZ OITAVÉN (nº persoal 12233 e DNI núm.: 35240258-A) con data de efectos 20/12/2012, con posto de traballo e praza de Policía Local (pto. 134), grupo C1 de titulación e grupo de tarifa 05, adscrito ao Servizo da Policía Local (212), en aplicación do previsto no artigo 67.1.b) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP), no art. 61 da Lei 4/2008, de 20 de abril, de Coordinación de Policía Local de Galicia, no Real Decreto Lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade presupuestaria e de fomento da competitividade e normativa de concordante aplicación.

Segundo.- Notifíquese o presente acordo ao interesado, Concelleiro/a-delegado/a da Área, Xefe/a do Servizo correspondente, Intervención Xeral, Xefatura da Área de Réxime Interior, Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización) aos efectos oportunos, significándose que contra o mesmo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción

Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.”

A Xunta de Goberno Local queda informada da anterior Resolución do concelleiro-delegado de Xestión Municipal.

31(1814).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA CONCESIÓN PERMISO RETRIBUÍDO Á FUNCIONARIA D^a ESTÍBALIZ GARCÍA GUNTIÑAS. EXPTE. 23718/220.

Con data 04-12-12, o concelleiro-delegado de Xestión Municipal emitiu a seguinte Resolución:

“Con data 03 de decembro do 2012, (doc. 120142561), D^a Estíbaliz García Guntiñas, con DNI 53.170.119-F e núm. persoal 79157, Auxiliar de Administración Xeral adscrita ao Servizo de Benestar Social, solicita se lle conceda un permiso retribuído para atender o coidado do seu fillo, de conformidade co previsto no art. 76.1.k), do decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, de 30 días naturais.

O art. 76.1.k), do Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, establece que nos supostos de accidente ou enfermidade moi grave da ou do cónxuxe, parella en análoga relación de afectividade, familiares en primeiro grao, persoas acollidas ou familiares que convivan na mesma casa, e para atender ao seu coidado, o persoal ao servizo das administracións públicas terá dereito a un permiso retribuído cunha duración máxima de trinta días naturais. Cada accidente ou enfermidade xerará un único permiso, que, dentro da duración máxima de trinta días, poderase utilizar de maneira separada ou acumulada.

A interesada aporta xustificante do ingreso hospitalario do seu fillo.

Á vista das circunstancias anteriormente mencionadas e vistas as competencias recollidas no artigo 127.1 h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, segundo redacción dada pola Lei 57/2003 de 16 de decembro, de Medidas para Modernización do Goberno Local, e de conformidade co acordo da Xunta de Goberno Local de 17 de xuño de 2011, sobre a delegación de competencias en materia de persoal, sométese a consideración do Concelleiro-Delegado de Xestión Municipal a seguinte RESOLUCIÓN:

“Primeiro.- *Autorizar a D^a Estíbaliz García Guntiñas, con DNI 53.170.119-F e núm. persoal 79157, Auxiliar de Administración Xeral adscrita ao Servizo de Benestar Social, un permiso retribuído de trinta días naturais, con efectos a partir do día 04 de decembro actual para o coidado do seu fillo, de conformidade co previsto no art. 76.1.k, do decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia.*

Segundo.- *Acordar que se comunique ao Xefe da Área e xefa do Servizo de Benestar social, que o outorgamento da presente medida excepcional en ningún suposto implicará o incremento da dotación de efectivos asignados ás unidades ou servizos concretos, nin o incremento a priori da autorización da realización de horas extraordinarias, debendo comuni-*

car calquera incidencia a esta concellería-delegada de Xestión municipal e ao Servizo de Recursos Humanos (Inspector Auxiliar de Persoal) aos efectos procedentes.

Terceiro.- *Notifíquese presente resolución á solicitante, ao Xefe da Área e xefa do Servizo de Benestar Social, Servizo de Recursos Humanos (Inspector Auxiliar de Persoal) e Comité de Persoal para coñecemento e demais efectos.*”

A Xunta de Goberno local queda informada da anterior Resolución do concelleiro-delegado de Xestión Municipal.

32(1815).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN PERMISO ESPECIAL HORARIO DE TRABALLO DA FUNCIONARIA D^a DOLORES GONZÁLEZ ALONSO. EXPTE. 23721/220.

Con data 03-12-12, a Alcaldía-Presidencia ditou a seguinte Resolución:

“Primeiro.- Autorizar á funcionaria D^a M^a Dolores González Alonso, con nº de persoal 10895, diplomada en traballos sociais, adscrita ao Servizo de Benestar Social, un permiso especial do seu horario de traballo retrasando a súa entrada ao mesmo nunha hora (8,45), por motivos de saúde, de conformidade co recollido no art. 16.8 do vixente Acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo.

O permiso durará o tempo que continúen as circunstancias xeneradoras do mesmo, o cal deberá acreditarse mediante a presentación semestral do correspondente informe médico sobre a evolución clínica da afectada, sinalando a obriga de comunicar ao Servizo de Recursos Humanos a cesación das mesmas.

Segundo.- Dar conta da presente resolución a interesada, Xefatura do Servizo de Benestar Social, Servizo de Recursos Humanos e Comité de Persoal aos efectos que procedan.”

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

A Xunta de Goberno Local queda informada da anterior Resolución ditada pola Alcaldía-Presidencia.

33(1816).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA CONCESIÓN PERMISO ESPECIAL Á FUNCIONARIA D^a RAQUEL ABALDE COMESAÑA. EXPTE. 23724/220.

Con data 04-12-12, a Alcaldía-Presidencia ditou a seguinte Resolución:

Primeiro.- Autorizar á funcionaria D^a Raquel Abalde Comesaña, con DNI nº 36.088.474-W e nº persoal 78893, xefa de negociado da Alcaldía, un permiso especial do seu horario de traballo consistente na redución da metade da súa xornada laboral, acumulando a dita redución en dúas xornadas laborais completas e unha hora nas outras tres (de 7:45 a 14:00 horas), por motivos de atención especial do seu fillo, de conformidade co recollido no art. 16.A) do vixente Acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo, con efectos a partir do día 7 de xaneiro de 2013.

O permiso durará o tempo que continúen as circunstancias xeneradoras do mesmo, o cal deberá acreditarse mediante a presentación **semestral** do correspondente informe médico sobre a evolución clínica do afectado, sinalando a obriga de comunicar ao Servizo de Recursos Humanos a cesación das mesmas.

Segundo.- Dar conta da presente resolución á interesada, Xefatura de Relacións Públicas e Protocolo, Servizo de Recursos Humanos e Comité de Persoal aos efectos que procedan.”

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

A Xunta de Goberno Local queda informada da anterior Resolución da Alcaldía-Presidencia.

34(1817).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN PERMISO ESPECIAL Á FUNCIONARIA D^a LUZ DIVINA ABALDE POSADA. EXPTE. 23728/220.

Con data 05-12-12, a Alcaldía-Presidencia emitiu a seguinte Resolución:

Primeiro.- Autorizar á funcionaria D^a Luzdivina Abalde Posada, con número de persoal 21663, auxiliar administrativa, adscrita ao Servizo de Medio Ambiente, un permiso especial do seu horario de traballo retrasando a súa entrada ao mesmo dúas horas (09:45), por ter ao seu coidado a un familiar con grave doenza, de conformidade co recollido no art. 16.8 do vixente Acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo.

O permiso, que xurdirá efectos a partir da data da presente resolución, durará o tempo que continúen as circunstancias xeneradoras do mesmo, o cal deberá acreditarse mediante a presentación **semestral** do correspondente informe médico sobre a evolución clínica da afectada, sinalando a obriga de comunicar ao Servizo de Recursos Humanos a cesación das mesmas.

Segundo.- Dar conta da presente resolución a interesada, Xefatura do Servizo de Medio Ambiente, Servizo de Recursos Humanos e Comité de Persoal aos efectos que procedan.”

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

A Xunta de Goberno Local queda informada da anterior Resolución da Alcaldía-Preidencia.

35(1818).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE AQUALIA POLOS GASTOS DO SUBMINISTRO DE AUGA DO MERCADO DO PROGRESO. EXPTE. 5408/551.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta da xefa do servizo de Turismo e Comercio do 13-12-12, conformado polo concelleiro delegado de área, visto así mesmo o informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal do 21-12-12, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Convalidar as actuacións municipais e a disposición do gasto e prestar aprobación á indemnización substitutoria a favor de AQUALIA, Unión temporal de empresas (CIF U-79820833), na contía de 5.376,71 €, correspondentes aos gastos de suministro de auga do Mercado do Progreso en relación coas facturas que se citan.

Segundo.- De conformidade coas Bases de execución orzamentaria para o ano 2012, recoñecer a obriga do gasto a favor do acredor, AQUALIA, Unión temporal de empresas (CIF U-79820833), polo importe de 5.376,71 €, correspondentes ás facturas seguintes:

exped fact	estado fact	Doc.	data fact	fact tota
4491-551	V	140212	08/12/11	7,50 €
5380-551	V	140612	14/04/12	1.370,38 €
5381-551	V	140812	15/06/12	1.290,79 €
4496-104	V	111012	11/08/12	1.385,15 €
4627-104	V	17471201PO407796	11/08/12	1,69 €
5410-551	V	17471201po570408	19/10/12	1.321,20 €
TOTAL				5.376,71 €

Terceiro.- Ordenar o pago a favor de **AQUALIA, Unión temporal de empresas (CIF U-79820833)** polo devandito importe de 5.376,71 € con cargo ao crédito dispo-

ñible na partida 4310.227.99.11 "Gastos funcionamento Mercado do Progreso" do orzamento vixente.

36(1819).- RECEPCIÓN DEFINITIVA DAS OBRAS DE URBANIZACIÓN DA UE-I-06 ROSALIA DE CASTRO II. EXPTE. 5075/401.

Visto o informe da técnica de administración xeral da oficina de Planeamento e Xestión e do director dos Servizos Técnicos do 14.12.2012, conformado pola Xerente de Urbanismo, visto así mesmo o acordo do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo en sesión ordinaria do día 21.12.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Recibir definitivamente as obras de urbanización da U.E. I-06 Rosalía de Castro II, segundo o Proxecto de Urbanización definitivamente aprobado, redactado polo arquitecto D. José María Catalán Pérez de Lis, con memoria e planos visados polo COAG nos días 31.12.2002, 07.02.2003 e 10.02.2005 (exp. 4401/401), a reserva da execución, no momento que sexa tecnicamente posible, do peche vexetal previsto na parcela de resultado nº.2, e anexo, do Proxecto de Compensación definitivamente aprobado, e todo elo de conformidade cos informes do Director Adxunto dos Servizos Técnicos dos días 10.12.2012 e 14.12.2012 transcritos nos fundamentos do presente acordo.

Segundo.- Acceder á cancelación do aval constituído pola Xunta de Compensación en garantía da execución da obra urbanizadora por importe de 915.101,74 euros, previa a súa substitución por un aval por importe de 45.755,09 euros equivalente ao 5% daquel e a constitución doutro por importe de 27.367,72 euros correspondente ao 100% do presuposto de execución por contrata do peche vexetal referido no informe do Director Adxunto dos Servizos Técnicos do día 14.12.2012. En tanto non conste a constitución de ambos avais, non poderá cancelarse aquel de 915.101,74 euros.

Terceiro.- Comunicar á Xunta de Compensación da U.E. I-06 Rosalía de Castro que será responsable da conservación da urbanización ata a constitución dunha entidade urbanística de conservación formada por todos os propietarios do polígono.

Cuarto.- Notificar o presente acordo á interesada, significándolle que pon fin á vía administrativa e fronte ao mesmo pode interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes, ou alternativamente, recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo desta cidade, no prazo de dous meses, contados ambos dende o día seguinte a súa notificación, sen prexuízo do exercicio das accións legais que procedan en defensa dos seus intereses.

Quinto.- Dar traslado do presente acordo aos Servizos Técnicos da XMU, á OSPIO e a Tesourería Municipal para o seu coñecemento e efectos oportunos.

ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

37(1820).- PROPOSTA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES PARA O FOMENTO DE ACTIVIDADES DE INVESTIGACIÓN HISTÓRICA E DIVULGATIVA DA CIDADE. EXPTE. 9254/101.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 26-12-12, do técnico de Admon. Xeral e xefe de Protocolo e RR PP, conformado pola concelleira de Facenda, vistos así mesmos os informes xurídico e da Intervención Xeral Municipal de datas 3 e 27 de decembro de 2012, respectivamente, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar o texto do proxecto de convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e o Instituto de Estudos Vigueses , para impulsar o programa e funcionamento do IEV correspondente o ano 2012 consistente na edición de publicacións , na realización de conferencias e o desenvolvemento do proxecto de creación dun centro de documentación da historia de Vigo.

Segundo.- Autorizar o gasto segundo o expresado na cláusula 5ª a favor do Instituto de Estudos Vigueses por unha contía de 37.500 euros con cargo á partida 912.0.489.00.04 ou bolsa de vinculación "Outras Subvencións ": o pago a o Instituto de Estudos Vigueses realizarase contra a presentación da memoria de avaliación da programación correspondente as actividades realizadas , a presentar antes do día 28 de decembro de 2012.

CONVENIO DE COLABORACION DO CONCELLO DE VIGO E INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES PARA O FOMENTO DE ACTIVIDADES DE INVESTIGACIÓN HISTÓRICA E DIVULGATIVA DA CIDADE .

a cidade de Vigo, o de de

Dunha parte D. ABEL CABALLERO ALVAREZ, Alcalde do Concello de Vigo, CIF P-3605700-H, con domicilio en Vigo, Praza do Rei 2, CP 36202.

Doutra parte D Xoán Carlos Abad Gallego , Presidente do Instituto de Estudos Vigueses, conforme o acta de nomeamento ,con CIF G- 27767524. e enderezo social na rúa Cánovas del Castillo 2 segundo andar da cidade de Vigo.

Ámbalas dúas partes recoñécense mutuamente a capacidade legal necesaria para outorgamento deste convenio, e ao efecto.

EXPOÑEN

Que Instituto de Estudos Vigueses ,desvinculado da fundación Provigo e , con personalidade propia pretende continuar coas súas de actividades propias segundo exposto na memoria xunta , consistente fundamentalmente na investigación, publicación o calquera outra manifestación da historia o de vir social e a evolución da cidade destinadas a poñer en relieve os cambios e melloras realizadas na cidade a fin de poñer en valor a mesma, coa finalidade de fortalecela na súa propia entidade.

A Alcaldía de Vigo, coñecedora das ditas actividades e accións, o longo de periodo de tempo transcurrido entre a fundación IEV 1991 e o ano que andamos desexa promover e aumentar a colaboración con esta institución.

As dúas partes recoñécense como axentes determinantes da oferta e desenvolvemento cultural da cidade, polo que consideran necesaria a coordinación e participación neste proxecto.

Deste xeito a Alcaldía do Concello de Vigo e Institutos de Estudos Vigueses establecen a súa relación mediante o presente convenio recollido nas seguintes :

CLAUSULAS

PRIMEIRA.- O presente convenio subscríbese có obxectivo de articular a colaboración do Concello de Vigo con Instituto de Estudos Vigueses para impulsar o programa de actividades e o funcionamento do instituto correspondente o ano 2012, seguindo unhas liñas xerais consistentes na edición de publicacións e o proxecto de creación dun centro de documentación da historia de Vigo a si , a realización de conferencias e outras actividades culturais.

SEGUNDA.- Corresponderalle o Instituto de Estudos Vigueses á todo o referente á planificación e organización das actividades desenvolver.

TERCEIRA.- Obrigas do Instituto de Estudos Vigueses :

1- O IEV establecera as datas e lugares concretos das actividades do seu programa e as comunicará a Alcaldía de Vigo cunha antelación mínima de quince días.

2-O Concello de Vigo figurará adecuadamente en todas as actuacións publicitarias e de difusión que se realicen nas actividades , aparecendo expresamente có seu logotipo ou anagrama en calidade de colaborador. Instituto de Estudos Vigueses achegará probas deste material con anterioridade á súa impresión para conformidade do Concello de Vigo e o do seu logotipo.

3-O Instituto de Estudos Vigueses asumirá tódolos gastos e pagamentos relativos a totalidade o desenvolvemento do programa , e entregará a Alcaldía vinte exemplares das publicacións que se realicen durante o ano 2012 .

4-O IEV completará o fondo editorial na Biblioteca Central ,na da Casa Galega da Cultura , no Museo de Castrelos e Arquivo Municipal e, emitirá os informes que se lle poidan requerir pola alcaldía por asuntos locais , en particular sobre a xustificación de inclusión o cambios de nome no rueiro da cidade .

5-Presentar no Concello unha memoria -avaliación do programa abxecto deste convenio, xunto cos comprobantes orixinais dos gastos anuais a conta do importe subvencionado e como máximo dentro dos 30 días seguintes á finalización do programas de actividades.

CUARTA.-O seguimento de execución do Concello realizarase polo departamento da Alcaldía , Xefatura de Protocolo.

QUINTA.- O Concello de Vigo aportará a este Convenio a cantidade de 37.500 Euros en concepto de colaboración, con cargo a partida 912.0.489.00.04 (Outras Subvencións).

O pago a Instituto de Estudos Vigueses realizarase contra a presentación da memoria de avaliación da programación correspondente as actividades a realizar, presentada antes do día 28 de decembro de 2012 e a achega dos xustificantes de pago a que se refire a seguinte cláusula.

SEXTA- Para a tramitación do pago do importe da axuda do presente convenio a Instituto de Estudos Vigueses deberá achegar, ademais da memoria que recolla as actuacións, os seguintes xustificantes acreditativos dos gastos vencellados ao proxecto do presente convenio coas seguintes especificidades:

1. Facturas orixinais que deberán recoller o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo, neste sentido non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD 1496/2003, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais. Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que estea exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos relacionados directamente ó obxecto do presente convenio.
2. Cando a entidade solicitante demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado da factura orixinal.
3. Tamén serán admitidos aqueles gastos vencellados con este convenio que poidan ser xustificados a través de documentos orixinais que xustifiquen o valor probativo do gasto en base á eficacia administrativa do mesmo.
4. En xeral os documentos xustificativos deberán de corresponderse con gastos vencellados de forma directa co obxecto deste convenio, e sen que sexa necesario facer constar de forma expresa se os mesmos foron pagados con anterioridade á finalización do proceso de xustificación determinada neste convenio.
5. Asemade, coa xustificación deberá entregarse unha declaración actualizada sobre a percepción ou non, por parte do beneficiario, doutras axudas para as actividades obxecto deste convenio, así como a indicación do importe e procedencia doutros fondos e recursos cos que fose financiada a actividade.
6. Para a facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta ata un 50% de axuda otorgada polo concello, unha vez asinado o convenio e previa petición da entidade na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos.

SÉTIMA.- O Concello de Vigo, porá a disposición do Instituto de Estudos Vigueses o local situado no segundo andar do Edificio situado en Cánovas del Castillo nº 2 de Vigo, para execución dos traballos de interese municipal regulados no presente convenio ,mediante otorgamento da autorización administrativa que deberá solicitar esta entidade.

OITAVA.- O seguimento deste convenio realizarase por unha comisión mixta na que figurarán o concelleiro-delegado de Réxime Interior e o presidente do Instituto de Estudos Vigueses ou persoas nas que deleguen, así como un representante técnico de ambas entidades.

NOVENA.- O presente convenio terá vixencia ata o 31 de decembro de 2012. O incumprimento dos acordos estipulados neste convenio poderá significar a súa cancelación. Previamente as partes comunicaranse esa intención cunha antelación de 15 días.

DECIMA .- A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo queda facultada para solucionar as controversias derivadas da execución deste convenio e o concelleiro delegado de Réxime Interior para adoptar as medidas que contribúan o seu cumprimento e desenvolvemento,

En proba de conformidade asinan por triplicado exemplar e a un só efecto o presente convenio na data arriba indicada.

38(1821).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A PROL DE TRANSPORTES MOLINA. EXPTE. 36875-212

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do intendente da Policía Local do 26-12-12, conformado polo concelleiro-delegado de Mobilidade, vistos así mesmo os informes xurídicos e da Intervención Xeral Municipal de datas 26 e 27 de decembro, respectivamente, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar a favor de D.Aquilino Molina Valín (Transportes Molina). con N.I.F. 35.985.317-T unha indemnización substitutiva por importe de 38.880,00 € (18% e 21% IVE engadido), cunha retención de 330,00 € para o I.R.P.F. (1%) pola prestación efectiva do servizo de transporte, montaxe e recollida de vallas, sinais servizo de seguridade viaria as 24 horas do día durante o periodo comprendido entre os meses de xaneiro e novembro de 2012, segundas facturas Nº. 2006 (expte 36876-212); 2007 (expte. 36878-212); 2013 (expte. 36879-212); 2015 (expte. 36880-212); 2018 (expte. 36881-212); 2020 (expte. 36882-212); e 2023 (expte. 36883-212), aos efectos de evitar un enriquecemento inxusto do concello de Vigo en función da efectiva e satisfactoria prestación do citado servizo e a falta de cobertura contractual do mesmo.

Segundo.- Recoñecer en consecuencia o dereito da citada mercantil, a perceber a cantidade reseñada polo referido concepto con cargo á aplicación orzamentaria 1320.2279902.

39(1822).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA E RECOÑECIMIENTO DE DÉBEDA, SERVIZO DE LIMPEZA CASA DO CONCELLO-LINORSA. EXPTE. 121/242.

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta da técnico de Admon. Xeral de Patrimonio do 13-12-12, conformado pola concelleira-delegada de Patrimonio, vistos así mesmo os informes do xefe do servizo e da Intervención Xeral Municipal de datas 19 e 28 de decembro do 2012, respectivamente, a Xunta de Goberno Local acorda:

Abonar en concepto de indemnización substitutiva á empresa Limpiezas del Noroeste, S.A., a cantidade de 185.427,20 euros, correspondente ao adebedado á empresa perante o mes de novembro de 2012, pola limpeza das dependencias do Concello de Vigo que se imputará á partida presupostaria 9220.2270000.

40(1823).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

rs.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

M^a Jesús Lago Rey.